

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais núm. 16 e 23*

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria de data 27 de maio do 2020, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal Nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante.

As anteditas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta día hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da modificación das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen se presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública, proceda adoptar así como o texto das ordenanzas modificadas.

Cambre, 1 de xuño de 2020

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Maria Dolores Pan Lesta

2020/3206